


17 de ABRIL de 2021

EMPREGO E TEA

CURSO MODALIDADE ONLINE

DOCENTE: ROSA ÁLVAREZ



CURSO: EMPREGO E TEA

FORMACIÓN INTERNA: DESTINADA A PROFESIONAIS DAS ENTIDADES ASOCIADAS.

Data de realización: 17 abril 2021

Lugar de realización: Modalidad Online a través de ZOOM

Horario: 10:00 a 14:00 e de 15:00 a 18:00

Número de prazas: 50

Destinatarios: O curso está destinado exclusivamente a profesionais das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia. Profesionais interesados en aprender estratexias para a posta en marcha de proxectos de inclusión laboral de persoas con TEA, así como para profesionais con interese en mellorar a súa capacitación profesional para o traballo co persoas adultas con TEA.

Prazo de inscrición: 5 abril 2021. Confirmaráselle a praza por correo electrónico e facilitaráselle número de conta bancaria para facer o ingreso.

PREME AQUÍ e INSCRÍBETE NO CURSO

O curso está enfocado a dotar aos profesionais, das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia, de ferramentas teórico-prácticas, tanto para a posta en marcha de programas de emprego das entidades, como para o desenvolvemento de melloras nos programas existentes. As persoas participantes poderán adquirir coñecementos sobre recursos para crear e manter un programa de emprego, así como estratexias para realizar un acompañamento individualizado a cada persoa con TEA na súa búsqueda e preparación para o emprego.

OBXECTIVOS:

- Dotar aos profesionais de ferramentas para a posta en marcha ou mantemento de programas de emprego.
- Coñecer as metodoloxías empregadas para a inclusión laboral das persoas con TEA; orientación vocacional, itinerarios personalizados, emprego con apoio.
- Adquirir habilidades para a implementación das metodoloxías mencionadas
- Coñecer pautas e recursos para o acompañamento individualizado da persoa con TEA

DOCENTE: ROSA ÁLVAREZ

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Sevilla e Master Universitario en discapacidade, integración e necesidades especiais pola Universidade de Cádiz.

Directora técnica da Federación Autismo Andalucía dende o ano 2002, é membro de varios grupos de investigación e coautora de varias publicacións de referencia e traducións sobre os Trastornos do Espectro do Autismo.

Dende 2008 exerce tamén como mestra asociada do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Sevilla, e ademais imparte cursos para profesionais en entidades adicadas á discapacidade, centros de formación de profesorado, xornadas universitarias, etc.

Membro de AETAPI, Asociación Española de Profesionais do Autismo.

PROGRAMA

BLOQUE 1. POSTA EN MARCHA DO SERVICIO DE EMPREGO DA ENTIDADE

- ⇒ Emprego : Que es e que non é?
- ⇒ Datos Emprego e discapacidade/emprego e TEA. Obstáculos para o acceso ao emprego
- ⇒ Claves para elaborar a estratexia de emprego das entidades da Federación Autismo Galicia . Determinación de liñas éticas e principios básicos
- ⇒ Ferramentas e recursos. Onde atopar a financiación do servizo de emprego? Que formulas aseguran a viabilidade deeste servizo? Implicacións
- ⇒ Impacto do emprego na persoa con TEA.
- ⇒ Outras fórmulas: Emprendemento, emprego público, emprego protexido...

PREME AQUÍ e INSCRÍBETE NO CURSO

BLOQUE 2. PLAN PERSOAL: DETECCIÓN DE INTERESES VOCACIONAIS E ITINERARIOS PERSONALIZADOS

- ⇒ Características do proceso e axentes implicados
- ⇒ Establecemento dun plan de orientación vocacional:
- ⇒ Avaliación
- ⇒ Elaboración de perfil xeral
- ⇒ Exploración de intereses profesionais
- ⇒ Plan individualizado de inserción
- ⇒ Experimentación e autoconñecemento
- ⇒ Desenvolvemento dun itinerario personalizado: estratexías e pautas
- ⇒ (breve dinámica práctica)
- ⇒ Búsqueda activa de emprego
- ⇒ As prácticas laborais como proceso de orientación/selección.

BLOQUE 3. EMPREGO CON APOIO (ECA)

- ⇒ Concepto e características
- ⇒ Búsqueda de emprego: prospección dentro do marco do ECA (traballo en rede).
- ⇒ A relación coas empresas: Acercamiento, trato, alianzas, etc... Perfís que busca a empresa, retos futuros (ex. Impacto da robótica), procesos de selección actuais... etc
- ⇒ Sensibilización e técnicas de adaptación dos procesos de selección
- ⇒ (dinámica práctica)
- ⇒ Apoios previos á incorporación e no posto de traballo: o/a preparador/a laboral
- ⇒ Análise e adaptación do posto
- ⇒ Apoio no posto
- ⇒ Apoios naturais
- ⇒ Estratexías e recursos
- ⇒ Seguimento do apoio
- ⇒ (dinámica práctica)
- ⇒ Seguimento personalizado para o fortalecemento das expectativas e o desenvolvemento da carreira (promoción, etc.)